

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O IMPULSO DA AXENDA 2030 E OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLES EN GALICIA, ESPAÑA E A UNIÓN EUROPEA

En Santiago de Compostela, a 18 de marzo de 2022

REUNIDOS

Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante **FEGAMP**), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019, representando aos 313 concellos, ás 4 Deputacións Provincias e 9 entidades menores da Comunidade Autónoma de Galicia, e CIF V1516096.

Víctor Manuel González Sánchez, director do Centro Asociado á **UNED** en Pontevedra, Universidade Nacional de Educación a Distancia) con domicilio en Rúa de Portugal, 1, Urb. Monteporreiro, 36162, Pontevedra (Pontevedra), España e CIF Q3600439H.

Daniel Vigo Blanco, como secretario xeral de **Fuertes Razones**, entidade sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro de entidades da Xunta de Galicia co número 2020/0224336 e domicilio fiscal en Rúa Joaquín Costa, 69, Pontevedra, Galicia, España e NIF G2751814.

Recoñecendo mutuamente a capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio

MANIFESTAN

A vontade de impulsar dende Galicia a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles aprobados o 25 de setembro de 2015 nas Nacións Unidas e subscritos polos xefes de Estado e de goberno de 193 países, incluíndo España, no seo da Asemblea Xeral das Nacións Unidas en Nova York, por Resolución A/RES/70/1, «Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible»

Que a **FEGAMP**, lexitimada para firmar o presente convenio baixo o amparo dos seus Estatutos e da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (Disposición Adicional Quinta), **UNED Pontevedra** (Universidade Nacional de Educación a Distancia) e **Fuertes Razones**, (entidade sen ánimo de lucro), consideran que os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (en adiante ODS) da Axenda 2030 só poden acadarse con asociacións mundiais sólidas e cooperación.

Que para que un programa de desenvolvemento se cumpra satisfactoriamente é necesario establecer asociacións inclusivas (a nivel mundial, rexional, nacional e local) sobre principios e valores, así coma unha visión e uns obxectivos compartidos que se centren primeiro nas persoas e no planeta.

Que coa rúbrica deste convenio dan cumprimento dende Galicia ao ODS17 da propia Axenda 2030: **ODS17**: Alianzas para acadar os Obxectivos, concretamente na **Meta 17.16**: Mellorar a Alianza Mundial para o desenvolvemento sostible, complementada por alianzas entre múltiples interesados que mobilicen e intercambien coñecementos, especialización, tecnoloxía e recursos financeiros, a fin de apoiar o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e coa **Meta 17.17**: Fomentar e promover a

constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas.

Que a Axenda 2030 composta por 17ODS, é un conxunto de 17 obxectivos e 169 metas destinados a resolver os problemas sociais, económicos e ambientais que asolan o mundo, cubrindo o período 2015-2030 e constitúen unha oportunidade única para sentar as bases dunha transformación global que conduza as nosas sociedades cara modelos de desenvolvemento inclusivos e sostibles tanto a nivel local como internacional.

Que o Goberno de España, como asinante da Resolución, incorporou na súa acción de Goberno a Axenda 2030 e os ODS a través da creación dun Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a creación da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, o Plan de Acción para a Implementación da Axenda 2030: «Cara unha Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible», aprobada polo Consello de Ministros o 28 de Xuño de 2018 e formulou a Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030, que foi aprobada no Consello de Ministros o 8 de xuño de 2021.

Que a Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030 constitúe un plan estratéxico de acción estatal e goberno que establece oito retos país e oito políticas aceleradoras de desenvolvemento sostible para garantir una transición social, ecolóxica e produtiva coherente cos principios e compromisos da Axenda 2030 e sinala como prioridade: «Promover o coñecemento sobre a Axenda 2030 nas Entidades Locais como actores esenciais na difusión deste coñecemento e información da Axenda 2030 a cidadanía».

Que os retos país e as políticas aceleradoras da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030 se vinculan así mesmo cos obxectivos definidos no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado no Consello de Ministros o 27 de abril de 2021, como instrumento fundamental para o desenvolvemento dos investimentos e reformas previstos no marco dos fondos europeos de recuperación *Next Generation EU*.

Que o XII Pleno dea FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) asumiu un compromiso político e ético coa Axenda 2030 para convertela nunha prioridade estratéxica a nivel nacional e internacional segundo a súa propia declaración e a **FEGAMP** como parte integrante da FEMP asume o mesmo compromiso.

Que a **UNED** (Universidade Nacional de Educación a Distancia) traballa na Axenda 2030 e os ODS de maneira integrada e transversal na súa acción educativa.

Que **Fuertes Razones**, entidade sen ánimo de lucro, ten como finalidade estatuaría fundamental impulsar os Obxectivos de Desenvolvemento das Nacións Unidas e conta con persoal con experiencia acreditada en formación de expertos en Axenda 2030 e ODS.

Que, sobre a base do anteriormente exposto, se abre un amplo espectro de posibilidades de colaboración, polo cal se considera oportuno subscribir un acordo que permita un aproveitamento dos recursos máis óptimo e unha cooperación activa e, polo tanto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá da seguinte maneira:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

1. Impulsar a formación en Axenda 2030 para todo o persoal das entidades locais adheridas á FEGAMP.
2. Orientar e facilitar o aliñamento das políticas públicas coas metas e indicadores dos ODS da Axenda 2030.
3. Difundir, comunicar e sensibilizar a cidadanía sobre a importancia dos ODS da ONU.
4. Liderar o impulso da Axenda 2030 e os ODS en Galicia perante a FEMP, o Ministerio de Asuntos Sociais e Axenda 2030, o Goberno do Estado, a Comisión Europea, a Secretaría Xeral da ONU e ante a cidadanía.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DAS PARTES

Para a consecución do obxecto do convenio, as partes asinantes conveñen os seguintes compromisos de colaboración:

1. A FEGAMP comprométese a financiar as accións relacionadas no Anexo I ata un importe máximo de 8.260,00 €, e a facilitar a difusión de formación técnica sobre Axenda 2030 e os ODS entre as entidades locais de Galicia.
2. O centro UNED Pontevedra facilitará os seus medios do seu ecosistema formativo para o desenvolvemento das accións relacionadas no Anexo I.
3. Fuertes Razones executará as accións de formación e asesoramento en Axenda 2030 e aliñamento das políticas públicas respecto os ODS nas entidades locais adheridas á FEGAMP, relacionadas no Anexo I.

TERCEIRA. RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral nin contractual entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do mesmo.

Cada unha das partes acorda que levará a cabo as súas respectivas obrigas baixo este Convenio co seu propio persoal.

CUARTA. FINANCIAMENTO

As actividades descritas no Anexo I financiaranse con cargo aos orzamentos da Fegamp para o ano 2022, ata un importe máximo de 8.260,00 €.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión mixta de seguimento da execución, formada por un representante da FEGAMP, un representante do Centro UNED Pontevedra e un representante de Fuertes Razones.

Esta Comisión Mixta comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio.

SEXTA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o día seguinte da súa formalización e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo da súa prórroga mediante acordo expreso das partes por períodos anuais ata un máximo de catro anualidades, tendo en conta o disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A resolución deste convenio non afectará ao desenvolvemento das actuacións específicas que se atopen en execución, que se manterán ata a súa total conclusión.

SÉTIMA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa. Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e

execución do presente convenio e non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

OITAVA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A protección das persoas físicas en relación ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación dos mesmos suxeitarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento Europeo 2016/679 de 27 do abril e as normas que as desenvolven e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

NOVENA. MODIFICACIÓN

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da FEGAMP, o Centro Asociado á UNED en Pontevedra e a entidade sen ánimo de lucro Fuertes Razones, e formalizarase mediante a subscripción da correspondente *addenda*.

DÉCIMA. EXTINCIÓN

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordado a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas.
 - d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
 - e) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista na normativa.

E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio mediante sinatura dixital.

Alberto Varela Paz,
Presidente
FEGAMP

Víctor Manuel González Sánchez,
Director
Centro Asociado á UNED en Pontevedra

Daniel Vigo Blanco,
Secretario Xeral
Fuerzas Razonables, Entidade Sen Ánimo de Lucro

ANEXO I

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1.- CONTEXTO

No ano 2015 o goberno de España subscribiu xunto a un total de 193 países do mundo o compromiso co cumprimento da Axenda 2030 das Nacións Unidas. Un plan estratéxico global composto por 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles, 169 metas a alcanzar e máis de 247 indicadores de cumprimento.

Este acordo implica aos gobernos estatais pero tamén a todas as administracións centrais, autonómicas, entidades locais, así como a centros educativos, universidades, empresas e ás persoas como así se recolle na Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030 do Goberno de España.

En todo o mundo os gobernos locais están levado a cabo accións concretas para o cumprimento da Axenda 2030 a través do desenvolvemento de políticas públicas orientadas ao cumprimento dos ODS, traballando en rede con outros concellos, empresas, centros educativos e entidades sociais, porque é realmente, desde o ámbito local, pola súa proximidade cos cidadáns onde poden alcanzarse as metas requiridas e neste sentido Galicia non pode quedar atrás.

Actores fundamentais

Nacións Unidas: Impulsora do maior acordo global da historia para os 17 ODS a través do traballo transversal en todas as súas axencias e países:

Unión Europea: Integra en todas as súas actuacións por país as metas e indicadores da Axenda 2030:

Gobierno de España: O goberno do Estado creou un ministerio propio respecto diso para implementar en todo o territorio accións orientadas ao cumprimento dos ODS ademais da creación do alto comisionado para a implantación da Axenda 2030.

Xunta de Galicia: Integra a Estratexia 2030 a través de Cooperación Galega:

FEMP: A Federación Española de Municipios e Provincias xerou unha estratexia propia para coordinar accións ao redor da axenda 2030 en toda España mediante a Rede Española de Entidades Locais cuxos obxectivos son:

1. Promover o coñecemento, sensibilización e implantación dos ODS da Axenda 2030 nas entidades locais españolas, mediante o fortalecemento institucional e a implicación dos diferentes actores locais.
2. Fortalecer e lexitimar o papel estratéxico que xogan as autoridades locais no desenvolvemento da Axenda 2030 en España para conseguir a mellor incidencia política, promovendo o traballo en rede e a procura de alianzas que impulsen políticas de cohesión a nivel local e unha adecuada articulación multinivel (central, autonómica e local) e multi actor para a construción e implementación da Axenda 2030 a nivel local. (Ver Rede Axenda2030)

FEGAMP: aglutina a 313 concellos de Galicia e exerce un papel fundamental á hora de coordinar accións conxuntas no ámbito local en toda a Comunidade Autónoma.

2.- XUSTIFICACIÓN

Identificáronse os seguintes aspectos que é preciso fortalecer no ámbito das entidades locais galegas:

1. Coñecemento entre o persoal político e técnico dos concellos sobre a Axenda 2030 e os ODS.
2. Promoción de políticas públicas aliñadas coas metas e indicadores dos ODS.
3. Coñecemento entre a cidadanía galega da relevancia da Axenda 2030.

A necesidade de fortalecer a capacitación formativa e técnica das entidades locais galegas é unha necesidade urxente lexitimada polo compromiso internacional alcanzado polo Goberno de España e recollido na resolución aprobada o 25 de setembro de 2015 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas que implica a todas as administracións públicas e entidades locais.

En Galicia existe a Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030, órgano adscrito á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e integrado por máis de 30 representantes de todos os departamentos da Xunta. No seu último informe destácanse as carencias ao redor da implantación da Axenda en Galicia pero tamén as súas oportunidades:

Entre as principais conclusións obtidas neste estudo diagnóstico pode citarse a nivel ambiental e de calidade da auga (ODS12, ODS13), que Galicia aumentou o volume de augas residuais depuradas por habitante e día en máis dun 50%. Tamén destaca en enerxías renovables, un indicador moi ligado ás accións promovidas pola Xunta como coordinadora en Galicia do Pacto das Alcaldías e no que se seguirá avanzando grazas á aprobación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

O papel do turismo sostible e a súa evolución tamén ocupan un papel destacado na análise feita pola comisión interdepartamental, como motor que impulsa e promove a preservación do patrimonio natural e cultural galegos, á vez que potencia o emprego e a economía.

No ODS15, Vida de Ecosistemas Terrestres, Galicia deu pasos importantes para a conservación de todos os valores e elementos naturais que a conforman, como foron a aprobación da Lei de Patrimonio Natural, a posta en marcha da Rede Galega de Parques Naturais e da Rede de Reservas da Biosfera ou a mellora do marco normativo autonómico de protección en materia de paisaxe.

En canto á Promoción de cidades e comunidades máis sostibles, o ODS11, houbo avances significativos, como o impulso á chamada Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia ou o Plan de Transporte Público. Axenda2030 - Obxectivo 11. Cidades e comunidades sostibles.

En relación aos ODS12 e ODS13 fixados pola ONU –que se corresponden coa Produción, o Consumo Responsable e a Acción polo clima- o informe destaca dous fitos recentes pero que marcarán a evolución da comunidade nos próximos anos con relación a ambos os indicadores:

1. Estratexia de Economía Circular 2030, cunha dotación de 865 millóns e cuxo retorno se estima en máis de 6.000 millóns;
2. Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía, que ten como meta alcanzar a neutralidade climática, coa que se busca o equilibrio entre as emisións e a capacidade de absorción natural do medio.

Creemos que é desde as entidades locais onde se poden acadar os maiores logros mediante ás políticas públicas. Impulsar o papel da FEGAMP como actor

fundamental en Galicia, España e na Unión Europea como coordinadora da acción local dos 313 concellos de Galicia, é a clave.

Para iso propónse un plan de formación e aplicación para o persoal político e técnico de todas as entidades adheridas á FEGAMP mediante as seguintes fases de execución:

1. Formación: Formación en Axenda 2030 e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
2. Aplicación: Asesoramento para a implantación das metas dos ODS nas Políticas Públicas locais
3. Comunicación Cidadá
 - 3.1 Plan de comunicación a través das webs institucionais e material de difusión cidadá.
 - 3.2 Encontros organizados pola FEGAMP entre concellos para compartir experiencias relacionadas coa execución das políticas públicas municipais e o seu impacto nos indicadores dos ODS.
 - 3.3 Impulso do labor da FEGAMP mediante a comunicación das súas accións ODS municipais ante organismos públicos e privados en todo o mundo. Nacións Unidas, Unión Europea, Goberno de España e redes internacionais de traballo.

3. OBXECTIVOS

3.1.- Obxectivo xeral

ODS17. Revitalizar os medios de implementación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible.

Meta:17 Fomentar e promover a constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas

3.2.-.Obxectivo Específico.

Programa de formación Axenda 2030 e implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nas entidades locais galegas.

4. RESULTADOS ESPERADOS

RE1: 150 técnicos e 150 cargos políticos de 150 concellos de Galicia formados en Axenda 2030 e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

RE2: 150 Concellos de Galicia formulan e executan políticas públicas aliñadas cos ODS cumprindo metas e indicadores.

RE3: 150 concellos de Galicia incorporan na súa web os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030.

5. INDICADORES

I1. RE1: 150 asistentes á formación.

I2. RE2: 150 políticas públicas aliñadas con polo menos unha meta e un indicador dun ODS.

I3. RE3: 150 páxinas Web de 150 concellos incorporan na súa páxina información sobre a axenda 2030.

6. FONTES DE VERIFICACIÓN

FV.I1 RE1: 1 Diagnóstico Participativo. 150 Inscripcións.

FV.I2. RE2: 1 Avaliación.

FV.I3. RE3: 150 Logos e ligazóns en cada web local.

7. ACTIVIDADES

A continuación detallamos as actividades correspondentes para alcanzar o Resultado1: RE1: 150 técnicos e/ou 150 cargos políticos de 150 concellos de Galicia formados en Axenda 2030 e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Actv1. RE1: Comunicación e convocatoria do plan de formación para os 150 concellos incluídos na FEGAMP.

Actv2. RE1: Recollida de solicitudes de inscrición (persoal técnico e persoal político) segmentados por concello.

Actv3. RE1: Diagnóstico Participativo de necesidades: Identificación

Actv4. RE1: Preparación do material de formación: Vídeos, Documentación, Proxectos, Relatorios.

Actv5. RE1: Formación de 20 horas de duración: Modalidade: en liña (Participación activa) / Diferido (Acceso a vídeos e materiais)

Actv6. RE1: Recepción de políticas públicas orientadas ás metas ODS por parte das entidades.

Actv7. RE1: Encontro dixital para posta en común de experiencias.

Actv8. RE1: Avaliación participativa.

Actv9. RE1: Recollida de documentación e resolución de cuestións individualizadas.

RE2: 150 Concellos de Galicia formulan políticas públicas aliñadas cos ODS cumprindo metas e indicadores.

Actv10. RE2: Asesoramento e consultoría durante a formación para aliñamento ODS Políticas Públicas.

Act11. RE2. Posta en común de Políticas Públicas aliñadas con metas e indicadores dos ODS dos 150 concellos.

RE3: 150 concellos de Galicia incorporan na súa web os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030

Actv13. RE3: Preparación de material dixital Axenda 2030 e ODS

Actv14. RE3: Xestión da comunicación con cada departamento informático de cada concello

8. ORZAMENTO

Presupuesto por actividades: 150 Ayuntamientos Galicia	Horas	*Coste/Hora/ SS incluida	Total
Actv1.RE1: Comunicación y convocatoria del plan de formación para los 150 ayuntamientos incluidos en la FEGAMP. Inicio . Enero 2022	20	11,80 €	236,00 €
Actv2.RE1: Recogida de solicitudes de inscripción (personal técnico y personal político) segmentados por ayuntamiento	20	11,80 €	236,00 €
Actv3.RE1: Diagnóstico Participativo de necesidades: Identificación, recogida de datos y elaboración de informe	120	11,80 €	1.416,00 €
Actv4.RE1: Preparación del material de formación: Vídeos, Documentación, Proyectos, Ponencias y Plataforma Formación	40	11,80 €	472,00 €
Actv5.RE1: Formación de 20 horas de duración: Modalidad: On line (Participación activa) / Diferido (Acceso a vídeos y materiales)	20	11,80 €	236,00 €
Actv6.RE1: Recepción de políticas públicas orientadas a las metas ODS por parte de las entidades	40	11,80 €	472,00 €
Actv7. RE1: Encuentro digital para puesta en común de experiencias. (preparación, gestión, evaluación y puesta en comun mediante informe)	80	11,80 €	944,00 €
Actv8.RE1: Evaluación participativa. Elaboración informe	40	11,80 €	472,00 €
Actv9. RE1: Recogida de documentación y resolución de cuestiones individualizadas	80	11,80 €	944,00 €

Actv10.RE2: Asesoramiento y consultoría durante la formación para alineamiento ODS Políticas Públicas.	80	11,80 €	944,00 €
Act11. RE2. Puesta en común de Políticas Públicas alineadas con metas e indicadores de los ODS de los 150 ayuntamientos	10	11,80 €	118,00 €
Actv13.RE3: Preparación de material digital Agenda 2030 y ODS	5	11,80 €	59,00 €
Actv14.RE3: Gestión de la comunicación con cada departamento informático de cada ayuntamiento	5	11,80 €	59,00 €
Total Costes Directos			6.608,00 €
Gestión técnica, seguimiento y evaluación del programa	100	11,80 €	1.180,00 €
Justificación del Programa (Técnica y económica)	40	11,80 €	472,00 €
Coste total Proyecto			8.260,00 €
<i>*Coste Hora: 11,80, según Convenio Estatal de Acción Social</i>			